

PEZA DO MES

xaneiro

2001



ARA A REVE ANABARAECO

ARA ROMANA DEDICADA Ó DEUS INDÍXENA **REVE** CO
CARACTERÍSTICO EPÍTEO TOPONÍMICO **ANABARAECO**,
APARECIDA NAS INMEDIACIÓNS DAS BURGAS. IMPORTANTE
DOCUMENTO PARA O COÑECEMENTO DO OURENSE ROMANO.





VISTA XERAL DAS BURGAS.

ARA A REVE ANABARAECO

Esta peza apareceu a comezos dos anos 90 ó derrubar unha parede interior, na traseira que sobre as Burgas ten a casa nº 4 da rúa Barrera, propiedade da familia Gil Seijo, que desinteresadamante a doou ó Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. Trátase dunha ara votiva de granito, coa cabeceira repicada, sen que se poida distinguir o foculus nin os rolos, faltándolle tamén a base, que ó igual que unha das caras laterais e posterior foron modificadas para adaptala ó muro do que formaba parte.

No campo epigráfico, distribuído en catro líñas, lése o seguinte texto:

REVE / . ANA / BARA / EGO

Atopámonos ante unha dedicación a un deus indíxena REVE, acompañada dun epíteto ou calificativo tamén indíxena ANABARAE

CO, co sufixo *aiko iaiko, segundo a variante alomórfica, na que falta o nome do dedicante ou dedicantes, e a fórmula dicatoria.

Reve é un deus prerromano, coñecido pola epigrafía na Gallaecia Bracarense e na Lusitania. Acompañado do mesmo epíteto atópase nunha ara hoxe desaparecida, que uns autores sitúan en Rubianes parroquia do concello do Barco de Valdeorras en Ourense, e outros, en Ruanes, cerca de Trujillo en Cáceres.

O significado etimolóxico de Reve é valorado de diferente forma polos estudiosos. Hai quen considera que se trata dunha deusa, co significado de "llanura, campo, ancha", relacionada coa guerra e coa deusa irlandesa Macha. Outros, polo contrario, pensamos que corresponde ó xénero masculino, estando o seu significado relacionado co campo semántico das correntes de auga, río, valor ou significado que progresivamente iría perdendo para designar a personalidade de carácter divino que nel habita, e ó que vai asociado.

Polo que respecta ó significado do epíteto ANABARAECO, foi identificado co sentido de "ira, furor", para uns autores, mentres que outros polo paralelismo que este topónimo ten con TAMARA, no que BARA tería o valor de "orilla, vera" interprétano como "al Reve de Anabara" ou "al Reve de la Vera del Ana".

Nós, cando publicamos por primeira vez esta peza, tendo en conta o contexto no que se documenta, e a análise dos diferentes elementos do epíteto propuxemos o significado de "lugar onde gurgulla a auga", relacionando *ANA co nome xenérico de río ou mellor auga, e *BARA coa raíz indoeuropea *bher co significado de "ferver, gurgullar". Deste modo o epíteto toponímico ANABARA estaría describindo a realidade xeográfica-xeolóxica da auga que agurgulla, facendo referencia directa ós mananciais de auga quente mineiro-medicinal que brotan nas Burgas e no seu contorno.

Pouco despois da nosa publicación, deuse a coñecer o chamado lintel dos ríos de Mérida, que daba acceso a un mausoleo tardorromano. A peza na súa cara frontal aparece claramente distribuída en tres partes; na central sobre unha cartela, un epígrafe funerario dunha commemoratio, e as dúas laterais decoradas con cadansúas figuras fluviais recostadas, apoiando un brazo sobre un cántaro do que mana auga, coa inscrición ANA B.B. unha e BARRAECA a outra. Este epígrafe funerario, no que se renova a memoria a un augustal emeritense, foi interpretado como a representación de dous ríos locais, o Guadiana e o Albarregas, presentándose a hipótese dun posible culto prerromano á confluencia dos ríos, ó modo do que se coñece na colonia romana de Lugdunum, na confluencia dos ríos Ródano e Saône.

A publicación deste novo achado procedente de Mérida, en nada debe de modificar a nosa teoría inicial, posto que corresponde a un monumento e a un contexto diferente, no que está ausente o deus Reve. Máis ben contribúe a reforzar a vinculación do epíteto a

nivel xenérico co mundo da auga.

Como xa indicamos no seu momento, esta dedicación a Reve nas Burgas, onde tamén se documentou con anterioridade unha ara ás Ninfas, vén a confirmar e potenciar a importancia que estas surxencias tiveron na antigüidade. Parece lóxico supor que a cura científica por medio das augas sulfuradas quentes que brotan neste contorno, con propiedades antialérxicas, súmase a propiedade taumatúrxica na que intervén a divindade, Reve e / ou as Ninfas, que por medio da auga, aumenta a secreta forza do rito do baño, existindo a posibilidade dunha práctica de incubatio, na que mediante un soño deus revela a causa última do mal e o remedio para súa curación. De feito, a vinculación entre fontes termais mineiro-medicinais e divindades salúíferas con asentamentos arqueolóxicos, é algo usual con anterioridade ó mundo romano.

O estudio desta peza vén a reforzar a consideración de que a Epigrafía e a Arqueoloxía, como ciencias auxiliares da Historia, deben ter para a reconstrución do feito histórico, resaltando a súa interdisciplinariedade para coñecer o nacemento e desenvolvemento dos recintos romanos, constituíndo un grave erro pretender reconstruír o proceso histórico e a identidade dun asentamento ignorando as achegas das descubertas epigráficas e a súa complementariedade cos datos proporcionados pola arqueoloxía.



HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Aberto de martes a domingo de 9:30h a 14:30h e 16:00h a 21:30h.
Os domingos só de 9:30 h. a 14:30 h.

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Xulio Rodríguez González. FOTOGRAFIA: Fernando del Río.
MAQUETA: Araceli Gallego. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: J.Carlos García España.
IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L. DEPÓSITO LEGAL: VG-165-2000



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99
Galicia



Praza Maior, s/n. - Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 - 32005 OURENSE

